



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 10/2021

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Ordes, a vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e un.

No Auditorio da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.

Non asiste:

- D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese en primeiro lugar pola Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal a dar lectura á **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**, 25 de



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

novembro de 2021, subscripta por todos os grupos políticos e concelleiros non adscritos que integran a corporación, cuxo texto se transcribe a continuación:

“Un ano máis o Concello de Ordes renova o seu compromiso coa igualdade e contra a violencia de xénero, e amosa a súa preocupación ante o aumento dos asasinatos de mulleres a mans das súas parellas e exparellas e ante a escalada de violencia vicaria.

Pasaron catro décadas dende que Latinoamérica marcou o 25 de novembro como o Día Internacional da Non Violencia contra as Mulleres en honor ás dominicanas Minerva, Patria e María Teresa Mirabal, tres irmás asasinadas o 25 de novembro de 1960 por orde do ditador Rafael Leónidas Trujillo, do que eran opositoras. 20 anos despois, Nacións Unidas declaraba esa mesma data como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

En España, a Constitución de 1978 consagra, a través dos seus preceptos, a Igualdade real e efectiva, así como a plena participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2), a Igualdade de sexos (artigo 14), o dereito á vida, á integridade física e moral, sen que poida ser sometida a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes (artigo 15), o dereito da persoa á liberdade e á seguridade (artigo 17), e o dereito á intimidade persoal e familiar (artigo 18). E en 2004, a aprobación da Lei Orgánica, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, supuxo un paso máis na loita contra a Violencia de Xénero.

A pesar de todos os esforzos, a histórica desigualdade entre mulleres e homes continúa afectando non só á súa integridade física senón ao recoñecemento da súa dignidade e é por iso que, grazas á conciencia social e ao rexeitamento da cidadanía, España foi o primeiro país en acordar, en 2017, un Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

En todo momento, as Entidades locais estivemos e seguimos estando ao lado e do lado das vítimas, impulsando o debate político para que o público deixe de ser privado; apoiando a lexítima reivindicación do dereito das mulleres a non sufrir ningún tipo de violencia; e abordando, desde un enfoque multidisciplinar, a planificación das políticas locais, o acompañamento integral ás vítimas e o desenvolvemento de medidas de sensibilización e prevención dirixidas ao conxunto da cidadanía.

Pola nosa proximidade, os Concellos, asumimos a implementación directa de normas e plans con medidas específicas que favorecen a igualdade de oportunidades, redobramos os esforzos na detección da violencia de xénero, en todas as súas formas e en todos os seus ámbitos; e deseñamos, desde a defensa dos dereitos das mulleres, políticas integrais para superar esta lacra social que rompeu miles de vidas.

Para iso, o Concello de Ordes:

- Súmase a todas as voces que claman por un futuro en igualdade.
- Recoñece a gravidade da violencia machista como un problema político de



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

primeira orde, de saúde pública e como un grave atentado aos Dereitos Humanos fundamentais.

- Asume a responsabilidade no proceso de intervención con vítimas de violencia machista e defendemos o principio de reparación en todas as súas fases.
- Alerta sobre o aumento dos asasinatos machistas e manifestamos a nosa preocupación ante a violencia vicaria e ante o desamparo que sofren os orfos e orfas.
- Recorda que é necesario garantir a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres como elemento clave para garantir a recuperación social e económica de todas as persoas a nivel global.
- Defende a necesidade de promover accións globais consensuadas que garantan a continuidade das políticas dirixidas á eliminación das normas sociais discriminatorias e o reforzo dos programas de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- Demanda a implementación de proxectos e programas que garantan a igualdade de xénero no emprego e o apoio ao espírito empresarial das mulleres, como medidas para preservar a súa independencia económica e previr a violencia de xénero.
- Manifesta novamente a súa preocupación polas altas taxas de emprego temporal das mulleres que, unido á destrución e á caída do emprego, advirten dun perigoso aumento da brecha de xénero.
- Ratifica o seu compromiso co Pacto de Estado contra a violencia de xénero e recorda a necesidade de continuar avanzando no seu desenvolvemento”.

Seguidamente procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 28 de outubro de 2021, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 28 de outubro de 2021, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coa abstención do Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

### **2. INFORMES DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

### **3. APROBACIÓN PLAN NORMATIVO ANUAL MUNICIPAL 2022 (ART. 132 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP).**

Vista a proposta sobre Plan normativo municipal para o ano 2022.

Visto o disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP),

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que non van por oposición ou impedimento á aprobación deste plan normativo.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non van a por ningunha obxección a isto, hai que facer unha actualización dos regulamentos e ordenanzas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que dende o BNG están abertos a analizar as modificacións e novos regulamentos que queira impulsar o goberno municipal facendo as aportacións e emendas que consideremos oportunas no momento en que nolas fagan chegar, por iso non van opor trabas a aprobación deste plan normativa. Vanse abster neste punto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (2 grupo político BNG, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Aprobar o Plan normativo municipal do Concello de Ordes para o ano 2022.
- Proceder á publicación do Plan Anual Normativo do Concello Ordes no Portal de Transparencia.

### **4. BONIFICACIÓN ICIO LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AGROGANDEIRA.**

Expediente de bonificación cota ICIO, licenza urbanística de obras de construción/ampliación dunha explotación agrogandeira existente.

Visto o disposto no art. 8.2 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 87, de data 09/05/2018).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na Comisión Informativa Permanente preguntamos se tiña unha explotación gandeira en vigor para aplicar esta bonificación do ICIO que ven así recollida na ordenanza fiscal, se nos dixo que si, entón non se van a opoñer, van a votar favorablemente á aprobación desta bonificación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, S. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación dunha explotación agrogandeira:

- MANUEL JOSÉ CASTRO PRADO, con DNI nº 76344501A, obras de construción de edificación auxiliar: galpón para gardar apeiros de labranza (B) (212,65 m<sup>2</sup>), en Lg. Zampaño, 11, Mercurín, Ordes (Parcela 429, Polígono 3 da ZCP Mercurín-Lesta II), cun orzamento de execución material de euros 37.000,00 (Expdte. 154/2021 – 2021/U026/000096).

### **5. PRÓRROGA CONVENIO PARA ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE POLICÍA LOCAL.**

Visto o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

Visto o acordo do Pleno do concello, de data 26/01/2018, de delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría de policía local do Corpo da policía local de Ordes polo tempo de vixencia do convenio de colaboración.

Visto que con data 16/02/2018 o Concello de Ordes asinou o convenio coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Presidente do Consello reitor da Academia Galega de Seguridade Pública o Convenio para asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso á categoría de policía local.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Visto que a cláusula Oitava (Vixencia) do Convenio establece unha vixencia do mesmo dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración. Podendo ser prorrogado con anterioridade a súa finalización, ata completar un período adicional da mesma duración.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que os concelleiros non adscritos no ano 2018 xa deron o voto favorable a este convenio. Tampouco van a por impedimento á súa prórroga.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que na Comisión Informativa Permanente preguntaron se era un convenio que funcionaba, se dixo que si, que funciona ben, o asinaron outros moitos concellos, tampouco van a por obxección á súa prórroga.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é unha decisión do goberno municipal a delegación da realización destes procesos selectivos para a incorporación de axentes das policía local ao corpo. Non teñen nada a que oporse, no caso de que houbera un cambio de goberno o calquera outra cuestión pódese modificar o representante e incluso se se decidise prescindir deste tipo de tramitación como se informou a preguntas doutros grupos na Comisión Informativa. Non teñen ningunha oposición ao respecto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, S. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Solicitar a Academia Galega de Seguridade Pública a tramitación da prórroga do Convenio asinado coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Presidente do Consello reitor da Academia Galega de Seguridade Pública o Convenio para asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso á categoría de policía local.

2.- Designar as persoas que en representación deste Concello formarán parte da Comisión de Seguimento prevista na cláusula Sétima (Comisión de Seguimento), que son as seguintes:

- José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente.
- Ana María Soneira Liñares, 1ª Tenente de Alcalde.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

### 6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2021, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### 7. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas a Sra. Alcaldesa en funcións pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O tramo da estrada N-550 que transcorre entre os P.Q. 26,8 e 36,9, está considerado como un dos máis perigosos da rede de estradas do Estado. Segundo o informe elaborado por EuroRAP (European Road Assessment Program) no ano 2020, o citado tramo acada un índice de risco de 94,5 puntos, o que o sitúa como o quinto máis perigoso.

Este tramo sitúase completamente dentro do termo municipal de Ordes, desde a rotonda que enlaza a estrada N-550 coa estrada AC-542 (dirección Betanzos) no Mesón do Vento, ata o límite do casco urbano de Ordes en dirección a Santiago de Compostela.

Por desgraza, nas últimas datas sumouse un novo accidente ao longo historial que rexistra este tramo negro, resultando ferido un ciclista. Este suceso tivo lugar na rotonda que enlaza a N-550 co Polígono Industrial de Merelle, onde non resulta aceptable que se produzan accidentes coa frecuencia coa que se están a rexistrar.

Cunha pequena análise da zona e coñecendo o comportamento do tráfico na mesma, semella que unha das causas pode ser a elevada velocidade coa que os vehículos circulan pola rotonda. As súas reducidas dimensións fan posible que algúns vehículos podan tomala practicamente sen ter que efectuar cambios de dirección (especialmente os que circulan en dirección A Coruña-Ordes, o que se traduce nunha maior velocidade.





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Diversas solucións poderían ser aplicadas, como poden ser:

- Aumento das dimensións da rotonda para forzar o xiro na rotonda e polo tanto, obrigar a reducir a velocidade de tránsito pola mesma.
- Colocación de sistemas para o calmado do tráfico que chega á rotonda, por exemplo as bandas reductoras de velocidade

Corresponde ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana efectuar os estudos que sexan precisos, mais valorar a viabilidade das distintas solucións que poidan xurdir dos mesmos.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do concello de Ordes insta ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana:

- A efectuar os estudos precisos para analizar as causas do elevado índice de risco de accidentes que presenta a N-550 ao seu paso por Ordes, entre os P.Q. 26,8 e 36,9.
- En base ás conclusións dos citados estudos, levar a cabo as actuacións precisas para mellorar a seguridade viaria na zona.
- A adoptar as medidas precisas para o calmado do tráfico que accede á rotonda que enlaza a N-550 co Polígono Industrial de Merelle e coa AC-409”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que ven ben esta moción que plantexa o BNG. Ven que hai distintos accidentes, o porcentaxe é bastante elevado, pode ser motivo de estudo cambiar algúns dos problemas que hai aquí. Xa habían pedido o repintado de pasos de peóns no que é o centro do pobo. Sempre estarán a favor da seguridade viaria e de que se eviten no máximo posible accidentes realizando os estudos pertinentes e mellorando a seguridade viaria dentro do que é o termo municipal.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que engadiría a todo o dito na moción a falta de educación vial por parte dos que conducimos en xeral. Un accidente o ten calquera. Tanta siniestralidade nun punto





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

como comenta o BNG é por un exceso de velocidade. A solución máis rápida e menos agresiva sería a colocación de sistemas para o calmado do tráfico. Quedaría ben un radar fixo, móbil ou as bandas rugosas que teñen bastante bo funcionamento. Van a votar a favor da moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están totalmente de acordo cos puntos introducidos nesta moción pola situación que temos neste punto quilométrico, non so neste tramo, tamén nalgún máis, este ten unha especial incidencia. Gustaríalles engadir tres puntos máis de engádego a partir dos tres que xa figuran na proposta de acordo, unha vez que se van a dirixir ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que serían : 1. Solicitar o arranxo de todas as vías de servizo da N-550 que discorren dentro do termo municipal do Concello de Ordes. 2. Melloras inmediatas na sinalización horizontal e vertical da N-550 dentro do termo municipal de Ordes. 3. Proceder de xeito inmediato coa modificación orzamentaria para a dotación de crédito que posibilite executar a obra de reordenación de accesos na estrada N-550, p.q. 36,800 ao 37+30, tramo travesía de Ordes, conforme ao proxecto remitido en marzo de 2017 e posterior posta a disposición dos terreos afectados en outubro de 2018. É importante engadir estas dúas peticións e unha terceira para a execución duna obra que leva pendente máis de tres anos. Está na man do BNG.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que poderían engadir máis peticións, en lugar de arranxo nada máis, tamén completar as vías de servizo. En Mesón do Vento na zona de Axás a maquinaria agrícola chega un punto que non ten máis por onde circular. Tampouco poden analizar aquí polo miúdo cales son as causas. No caso da rotonda semella claro que é a excesiva velocidade coa que os vehículos toman a mesma, tampouco o saben a ciencia certa, por iso propoñen un estudo. O primeiro que hai que facer é analizar que pasa, por que ocorren eses accidentes, como aconteceron, en que circunstancias. Logo a raíz de aí buscar solucións. Por engadir os puntos non teñen problema ningún.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que considera correcto que se indique arranxar e completar as vías de todas as vías de servizo da N-550 que discorren dentro do termo municipal de Ordes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que teñen a ven eses puntos que se engaden. Que haxa unha supervisión sobre o pintado dos pasos de peóns. Están de acordo con todas as medidas que se poidan adoptar, estudos a realizar para mellorar a seguridade viaria non nos termo municipal, os concelleiros non adscritos sempre van a votar favorablemente.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que apoiarán todas as accións que se realicen para mellorar a seguridade vial e minimizar a siniestralidade.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, S. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

O Pleno do concello de Ordes insta ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana:

- A efectuar os estudos precisos para analizar as causas do elevado índice de risco de accidentes que presenta a N-550 ao seu paso por Ordes, entre os P.Q. 26,8 e 36,9.
- En base ás conclusións dos citados estudos, levar a cabo as actuacións precisas para mellorar a seguridade viaria na zona.
- A adoptar as medidas precisas para o calmado do tráfico que accede á rotonda que enlaza a N-550 co Polígono Industrial de Merelle e coa AC-409.
- Solicitar completar e arranxar todas as vías de servizo da N-550 que discorren dentro do termo municipal de Ordes.
- Mellorar de forma inmediata a sinalización horizontal e vertical da N-550 dentro do termo municipal de Ordes.
- Proceder de xeito inmediato coa modificación orzamentaria para a dotación de crédito que posibilite executar a obra de reordenación de accesos na estrada N-550, p.q. 36,800 ao 37+30, tramo travesía de Ordes, conforme ao proxecto remitido en marzo de 2017 e posterior posta a disposición dos terreos afectados en outubro de 2018.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“En Galicia, o sector lácteo posúe unha importancia transcendental que se estende ao longo do territorio español, xa que destacamos como líderes nacionais tanto en número de gandeiros como en produción de leite.

Poñendo de relevo os datos, na nosa comunidade prodúcese o 40% do leite de toda España e localízanse máis da metade das explotacións lácteas do total nacional. Oeste xeito, Galicia produce tanto leite como a suma das seguintes catro comunidades españolas con maior produción -Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias-. Por outra banda, non debemos esquecer que nos atopamos entre as dez primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

Perante a relevancia deste sector, compre sinalar que o incremento dos custos de produción das explotacións agrarias -que supón o encarecemento dos cereais e dos legumes destinados á alimentación animal, os combustibles ou a enerxía- dificulta a sustentabilidade económica das gandarías, especialmente as dedicadas á produción de leite.

Neste sentido, o compromiso da Xunta de Galicia a prol deste eido produtivo



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

amósase no óptimo desenvolvemento da Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia, cunha aposta firme por consolidar unha relación equilibrada entre gandeiros, industria e distribución, para que o valor xerado se reparta de xeito harmónico ao longo da cadea láctea. Esta estratexia ten como obxectivo principal consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, cun alto nivel de competitividade, sustentabilidade e capacidade de resiliencia.

É máis, é preciso referirse á necesidade contemplada na medida 1.2.1 da Estratexia, de abordar unha reforma legislativa ambiciosa que permita aumentar a base territorial das explotacións gandeiras como instrumento reductor dos custos de alimentación. Cumprindo esta medida aprobouse o pasado mes de maio a Lei de recuperación da terra agraria, que entre outros obxectivos promove coa ferramenta dos polígonos agrogandeiros os procesos de reestruturación parcelaria e a ordenación de usos nas zonas de produción leiteira.

Precisamente, en relación con este tema, a Consellería do Medio Rural deu a coñecer un informe sobre a Manifestación de Interese de proxectos autonómicos, que constata a gran demanda de base territorial que teñen os nosos gandeiros. De feito, das máis de 13.200 hectáreas xeolocalizadas para orientación produtiva gandeira, o 94% correspóndese co sector bovino, o que demostra o peso que ten o vacún na nosa comunidade e especialmente o lácteo.

Nesta liña, cómpre salientar a importancia que posúen as axudas destinadas aos investimentos en explotacións agrarias, coñecidas como "plans de mellora", así como para a incorporación de mozos ou para a instalación de pequenas explotacións, liñas que superan nos orzamentos para o vindeiro ano 2022 os 76 millóns de euros.

A estas liñas de actuación, súmanse as accións formativas especializadas en xestión empresarial para os gandeiros (Gandeiros 20-30), e a posta en marcha dunha aplicación para que os gandeiros poidan calcular os seus custos de produción.

Esta aplicación web gratuíta, denominada "Conta Láctea", foi oficialmente presentada o pasado mes de agosto co obxecto de promover unha contabilidade rigorosa nas explotacións lácteas galegas. De carácter certamente intuitivo, esta aplicación respecta escrupulosamente a normativa contable española, e permite obter a conta da explotación e o coste de produción por cada litro de leite, entre outras funcionalidades.

Esta iniciativa, como as enmarcadas na ditada Estratexia, responden á necesidade de fortalecer a profesionalización do sector, mellorar a súa rendibilidade e defender a calidade dos nosos produtos lácteos por medio de ferramentas prácticas e verdadeiramente efectivas na práctica, sobre todo nun contexto como o actua de reestruturación do modelo produtivo cara explotacións máis eficientes e rendibles.

Neste respecto, é preciso dar un paso máis na consolidación desta ferramenta e capacitala de validez desde o propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), acreditando os custes de produción dos gandeiros ante os primeiros compradores do leite e facilitando, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

actividade nas mellores condicións.

En consideración de todo o exposto ata o momento, a posta en funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia é outra proba de que a Estratexia sectorial deste importantísimo eido produtivo está a dar os seus froitos. Este atópase seguindo os trámites previos ao decreto que o regulará, co obxecto de darlle un pulo á produción e á transformación do leite en Galicia.

Porén, a clave final é que o consumidor final perciba todo o traballo que leva consigo a produción láctea galega e a garantía de que o noso leite responde aos maiores estándares internacionais de calidade, benestar animal e seguridade alimentaria. Neste senso a estratexia do sector lácteo aposta pola diversificación da produción dos nosos gandeiros coa marca de "Leite de Pastoreo de Galicia". Así mesmo, o recoñecemento pola estratexia da calidade do noso lácteo ten acollemento baixo a marca de garantía "Galega 100%" que será a panca de promoción de todo o noso sector lácteo.

Por todo o exposto, o grupo político Popular no concello de Ordes, presenta a seguinte proposta de acordos:

1.- O concello de Ordes insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:

a) Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custos de produción. E que esta exigencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.

b) O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da "Conta láctea" ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.

c) Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

2.- O concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

3.- O concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

4.- O concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

5.- O concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo co contido da moción. Cada certo tempo pasa o mesmo. O prezo non cubre o custe de produción, o reparto como teñen escoitado a distintos gandeiros que se fai entre os distintos intermediarios non é equitativo. Se estas propostas do PP de Ordes poden axudar a mellorar a situación dos nosos gandeiros. Dignificar de algunha maneira a leite galega e impulsala. Van a estar de acordo, votarán a favor de todo o que poida axudar aos nosos gandeiros.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo, gustaríalles engadir un sexto punto como emenda de engádego: o Concello de Ordes insta a Xunta de Galicia a que vele por acabar co diferencial negativo do prezo en orixe do leite en Galicia respecto do prezo medio estatal e doutras comunidades autónomas produtoras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están de acordo con este engádego.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que están totalmente de acordo coa exposición de motivos e propostas de acordos. Gustaríalles tamén denunciar hoxe aquí unha práctica que fan certas cadeas de distribución alimentaria, que é utilizar o leite como un produto de reclamo, incluso a veces vendendo a perda para atraer clientes que acaban mercando outros produtos que si se encarecen. Isto está demostrado que provoca unha merma notable nos



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

ingresos dos gandeiros. España é o único estado da Unión Europea onde se permite este tipo de prácticas. Pódese comprobar na mesma web como unha mesma cadea alimentaria vende o mesmo leite a un prezo notablemente superior en outros países como en Francia. Certo que se aprobou polo goberno do estado a lei de cadea alimentaria que teoricamente obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten aos custes de produción, pero tampouco establece unha maneira obxectiva para fixar estes custes. Van a votar a favor.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que gracias aos concelleiros non adscritos, aceptan a emenda de engádego do PSOE. Están a denunciar o que manifesta o BNG. É necesario que se axuste a reforma da lei á cadea alimentaria incrementando os mecanismos de control que impiden esas perdas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, S. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- O concello de Ordes insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:

a) Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custos de produción. E que esta exigencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.

b) O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da " Conta láctea" ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.

c) Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

2.- O concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

3.- O concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

4.- O concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

5.- O concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea”.

6.- O Concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a que vele por acabar co diferencial negativo do prezo en orixe do leite en Galicia respecto do prezo medio estatal e doutras comunidades autónomas produtoras.

### **8. ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, a Sra. Alcaldesa en funcións abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en nome dos concelleiros non adscritos Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez, que formula os rogos seguintes.

- Os concelleiros non adscritos propoñemos a creación de vivendas tuteladas no noso Concello ou elevar esta proposta a todos os Concellos da Mancomunidade de Ordes para crear e poñer en marcha este Servizo de xeito conxunto.

As casas tuteladas son vivendas agrupadas para a prestación de servizos comunitarios. Xeralmente teñen un modelo de mantemento parcial autoxestionado e están destinadas, polo xeral, a dous colectivos:

Persoas maiores autónomas. As vivendas tuteladas son un servizo de acollida alternativo para persoas maiores cun adecuado nivel de autonomía persoal,





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

tanto física como psíquica, cuxas circunstancias sociofamiliares non lles permitan permanecer no seu propio fogar. O Concello no que se localizan é o responsable último do seu correcto funcionamento así como do trato que se lles dea aos usuarios e usuarias.

Persoas con diversidade funcional física e intelectual, cun alto nivel de autonomía pero con necesidades de apoio intermitente ou limitado. O seu principal obxectivo é ofrecer unha alternativa ás persoas que o precisen para lograr unha vida totalmente autónoma.

Así mesmo convivir con persoas alleas ao seu entorno habitual , fará que a súa independencia se vexa reforzada ao igual que a súa confianza e integración social.

Un dos dereitos que teñen todas as persoas na vida é o de independizarse e poder vivir de forma plena e autónoma. O artigo 19 da Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (diversidade funcional) recolle " que as persoas con discapacidade deben ter a opción de vivir de forma independente, ser incluídas na comunidade e elixir onde e con quen vivir e ter acceso a servizos de apoio no fogar, nas residencias e na comunidade".

A maiores, estas infraestruturas poderían ter outros usos dependendo da problemática que poida ir xurdindo no municipio: acollemento temporal de mozos e mozas (en idade de emancipación) motivado por problemas no ámbito familiar ou que pertencen a familias desestruturadas e tamén para alumnado escolarizado nos centros educativos da Vila que cumpra eses requisitos. Acollemento temporal de mulleres maltratadas e os seus fillos e fillas ata que as administracións acordades unha solución máis duradeira.

Dispor destas infraestruturas a nivel municipal ou da Mancomunidade tamén pode permitir que se creen programas de respiro familiar. Neste caso son estancias temporais ( semanais principalmente ) nestas vivendas tuteladas que poden actuar como toma de contacto coa independencia e aprender a vivir de forma autónoma nunha situación real.

Algunhas das principais vantaxes das vivendas tuteladas son:

Favorecer a integración e participación na vida social e comunitaria e compartir espazos e recursos con outras persoas.

Aportar experiencias imprescindibles apropiadas para cada idade e cada etapa da vida.

Ofrecer un servizo especializado , con atención sanitaria, asesoramento psicolóxico e recursos laborais, de formación e ocio.

O principal obxectivo a conseguir é que as persoas permanezan no seu entorno cunha boa calidade de vida e prolongar a súa autonomía funcional



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

grazas a un sistema de vida comunitario, que fomente a participación dentro dun pequeno grupo, evitando así a soidade e o desarraigo.

Por todo isto, solicitamos ao señor Alcalde:

Que se estude a posibilidade da creación de vivendas tuteladas no Concello de Ordes ou en colaboración con todos os demais Concellos que forman a Mancomunidade de Ordes, polos motivos anteriormente descritos tal e como se está a facer noutros concellos.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que o Sr. Iglesias Vieites mesturou churras con merinas e todo tipo de aves existentes. Para resumir. Concellos como o de Ordes que non teñen nada que ver cos de Trazo, Mesía ou Tordoia que forman parte doutra categoría de concellos, non teñen competencia en materia de vivendas tuteladas. Nos temos as competencias específicas delegadas pola comunidade autónoma. As vivendas tuteladas son competencia da comunidade autónoma. A lei de 8/2021, de 2 de xuño, que entrou en vigor agora en setembro, reformouse a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, que quere dicir que desapareceu a tutela, xa non hai tutela. Estase a estudar nestes momentos distintos aspectos sociais e xurídicos de cómo vai a afectar isto nas comunidades autónomas que exercen a tutela. As comunidades autónomas teñen artelladas para cousa institucións para velar por todos os grupos vulnerables, xestionadas pola autonomía e a través de colaboración cos concellos. Nos servizos sociais mancomunados tramítase, infórmase dos recursos, nos non decidimos, decide a Xunta, a fiscalía informa en todos os aspectos. En casos de menores, persoas con algún tipo de diversidade funcional ou intelectual, dependendo da súa idade, mulleres maltratadas, intervén sempre a fiscalía. En canto ás persoas maiores a Xunta e os Concellos temos un montón de recursos que engloban estas declaracións de intencións, que compartimos, pero non deste xeito. Hai institucións que se dedican a isto, residencias. Hai un novo modelo de residencia que se está a desenvolver pola Xunta de Galicia que é ese modelo europeo no que poden estar persoas autónomas nunha especie de apartamento, tamén aposta por elo. En canto ás persoas con diversidade física e intelectual tamén hai institucións, axudas ás familias, ofertas laborais, asociacións e institucións que colaboran cos concellos para que estas persoas teñan a súa situación dentro da maior normalidade posible. En canto mozos hai educadores sociais, que é o que pretende a fiscalía, que esas persoas acaden a normalidade nas súas casas a través da acción da propia familia. O mellor sitio onde están os nenos e mozos é no seu fogar. Se houbera algún problema sempre hai institucións, pero sempre depende da fiscalía. En canto ás mulleres maltratadas estar nun entorno próximo ao maltratador xa lle di que non. Normalmente nos casos máis extremos se derivan a o lugar máis afastado. Non ten sentido unha vivenda tutelada na que se mesture todo isto.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que a súa intención non era mesturar todo isto, so por de manifesto as distintas vivendas que pode haber. Errou, on se



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

chaman vivendas para persoas maiores, senón que son vivendas comunitarias. Fomentar este tipo de vivendas nas que persoas maiores que vivan soas se lles ofrece un piso para vivir en comunidade, con servizos compartidos e cunha forma de estar vixiados. Así ven recollido nunha orde da Xunta. Creen que é unha boa vivenda, por iso a manifestan aquí para que se leve a estudo para ver si se pode facer. É unha maneira de que as persoas maiores de sesenta anos con certa autonomía poidan vivir unha vida normal. En canto ás infraestruturas se non é posible ese uso. Se nun momento dado un veciño necesita iso, ter o municipio unha infraestrutura para poder solventar ese problema. A idea queda aí, a poñen sobre a mesa, se se pode estudar, se dende a Xunta de Galicia se pode colaborar.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que unha persoa de sesenta anos que estea en óptimas condicións está en idade de traballar, é independente e autónoma. A convivencia é unha decisión desa persoa. Os servizos sociais socorren a persoas que están nunha situación vulnerable

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que este é un servizo que están a facer outros concellos, non é algo novo.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que si está a falar das vivendas do maior son para municipios que teñan menos de cinco mil habitantes. O concello de Ordes traballa con prazas residenciais, en aumentar o seu número que as necesitan moito.

- No campo de fútbol de Vista Alegre, algúns usuarios/as que frecuentan a instalación, trasladáronnos a seguinte petición: que, se fose posible, se cubrixe o camiño de acceso que vai dende o aparcadoiro ata o campo de herba artificial así como as pistas de atletismo.

Este rogo xa foi presentado por estes concelleiros e a día de hoxe non se cubriu esta zona.

Polo tanto, volvemos solicitar ao señor Alcalde:

Que se cubra este tramo para que os usuarios/as non se mollen cando entren ou saian das instalacións municipais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa foi plantexado polo grupo político UxO o 25/11/2019, xa foi respostado no pleno do 28/11/2019, reiteran a resposta e se toma en consideración.

- Algúns usuarios/as da Biblioteca Municipal trasladáronos as súas queixas en relación coa retirada dunha máquina de café e unha máquina expendedora de auga na instalación, que foron retiradas tempo atrás. Consideramos que é un servizo necesario e máis nestas datas nas que hai gran afluencia de



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

alumnos/as preparando exames. Os concelleiros non adscritos consideramos conveniente que se volva a restablecer este servizo e que os usuarios/as poidan adquirir estes produtos sen ter que se desprazar fóra do recinto.

Solicitamos ao Señor Alcalde:

Que se busque a maneira de volver a restablecer este servizo na Biblioteca Municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o grupo de goberno non ten coñecemento de ningunha petición, nin ningunha queixa en relación ao que formula. Ás únicas queixas que teñen constancia son precisamente polo contrario, polo ruído que provocaban as máquinas e que influían nos estudantes. Cando se fixo o estudo económico para sacar a licitación ás máquinas e as ofertas das empresas, esa máquina non era viable. Foi unha das instalacións das que foi rexeitada xunto con outras a instalación deste tipo de equipamento.

- Nas parroquias de Bean e Barbeiros atópanse varios contedores de lixo en mal estado como se pode ver nas imaxes.

Solicitamos ao Sr. Alcalde:

Que se proceda ao seu arranxo ou substitución.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que o primeiro contedor en Lg. Mandaios, Barbeiros, xa foi cambiado o 17/11/2021, a semana pasada. O outro en Lg. Souto, Beán, darase traslado á empresa para que o cambie.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes.

- Na parte de atrás do CEIP do Mesón do Vento non hai luz na saída que accede á zona das actividades extraescolares das nenas e nenos. A incidencia foi enviada hai 3 semanas ao concello e a situación segue sen solucionarse.

Solicitamos ao señor Alcalde:

A emenda desta deficiencia de luz no CEIP do Mesón do Vento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa esta arranxado. O primeiro coñecemento que tiveron foi o 16/11/2021, non hai outra constancia oficial, o técnico



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

de deportes non tiña tampouco outra comunicación. Ese mesmo día pasou o aviso, foi a empresa o que demorou. Antonte reiterouse e procedeu á reparación. Intentar que o erro non suceda noutras ocasións.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, que sinala que a eles lles enviaron os pantallazos dos correos electrónicos do día 09/11/2021 remitidos ao concello. A veces non chegan os correos ou se perden.

- Ante a falta de iluminación nalgúns tramos na Avenida de Cerceda, e dado que se trata dun lugar que é frecuentado veciñanza ao tratarse dun emprazamento destinado tanto como vía peonil como para uso de vehículos lixeiros (bicicletas, patíns, ...etc.).

Solicitamos ao señor Alcalde:

A reparación ou substitución das lámpadas para que as veciñas e os veciños poidan seguir desfrutando deste emprazamento con total seguridade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o aviso chegou o martes, deuse traslado á empresa o mesmo martes, onte estaba solucionado o problema ao procederse á súa reparación.

- Na avenida de Cerceda toda a iluminación cara a estrada. As luminarias que están cara a zona de peón non teñen luz.

Solicitan ao señor Alcalde:

Par mellorar a zona de tránsito dos peóns, se non todas, pouco a pouco ir poñendo algunha.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pedirán a empresa que faga unha comprobación.

- Ante o mal estado no que se atopa o lousado da Alameda de Ordes (tal e como se pode ver nas fotografías achegadas), principalmente nas proximidades das zonas onde están plantadas as árbores o que é un perigo para os viandantes e para as persoas que desfrutan do tempo de lecer nesta zona

Solicitamos ao señor Alcalde:

A reparación dese lousado que se encontra levantado na Alameda.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se deu traslado onte á brigada municipal de obras, espera que se faga canta antes.

- Á pista que conduce ao lugar de Sar abríuselle unha gabia para enganchar a rede de sumidoiros. Esa gabia reénchese con area e saburra levantándose o firme (van 3 veces).

Solicitamos ao señor Alcalde:

Se arranxe a gabia nas condicións necesarias e con materiais adecuados para evitar estar continuamente dando solución temporal ao problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha actuación nde Espina y Deflín, déuselle traslado onte para facer a reposición. Fan actuacións de maneira continuada e as reposicións de maneira conxunta en diferentes puntos e non ao día seguinte que se produce o baleirado.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte.

- A ferramenta Google Maps, é empregada en moitas ocasións como guía para chegar a un determinado destino. No noso concello contén diversos erros que, segundo nos ten trasladado veciñanza das zonas afectadas, xera molestias ou dificultades no seu día a día, como por exemplo a chegada de paquetería.

Así pois, pódese comprobar como o Camiño do Vilar, aparece denominado como “Camiño B”, ou diversas rúas ou zonas do Paraíso veñen recollidas como “Camiño C” e “Camiño D”.

Tampouco podemos esquecernos de que non se respecta a toponimia de Ordes, xa que a nosa vila segue figurando como “Órdenes” na citada ferramenta.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A revisar a denominación das rúas que contén a ferramenta Google Maps para detectar erros semellantes aos indicados, co gallo de efectuar unha notificación a Google solicitando a súa emenda.

Solicitar a Google que respecte o topónimo da nosa vila, corrixindo o que erroneamente figura como “Órdenes” cando debera ser “Ordes”.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que encargarán esta labor ao departamento de informática xunto con secretaría da Alcaldía.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

- Veciñanza de Vilasenín, trasladou a este grupo municipal a confusión e problemática que está a xerar a sinalización existente na rotonda da Bailía, onde existe un sinal indicando a dirección cara a presa de San Cosmade, aparecendo denominada como Vilasenín.

Esta situación provocou que mais dunha vez, as ambulancias se perdesen cando tiñan que atender unha emerxencia na aldea de Vilasenín, tomando a dirección da presa de San Cosmade e chegando a aparecer no lugar da Brea en Ardemil, coa correspondente perda de tempo que isto supón, algo crucial e que pode determinar a vida dunha persoa cando se trata de atender emerxencias.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A solicitar á AXI que modifique o sinal existente na rotonda da Bailía situada na estrada AC-409 (P.Q. aproximado 6,900), recomendando que modifiquen a sinalización do encoro coa denominación Vilasenín por San Cosmade, debido ás confusións que ocasiona a citada sinalización.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta é unha cuestión que foi falada co AXI, son coñecedores desta demanda dos veciños que está sen resolver. Analizando o proxecto da obra poñía encoro Vilasenín en todo o texto, ao final debuxaron o símbolo dun encoro sen pro Vilasenín ao carón. Insistirán unha vez máis para que poñan unha sinalización axeitada ou se cambie a palabra Vilasenín por San Cosmade que é perfectamente coñecida por todos.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en nome dos concelleiros non adscritos Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez, que formula as preguntas seguintes.

- Tras o peche de distintas sucursais bancarias no rural, algúns alcaldes anunciaron a retirada dos seus fondos desas entidades bancarias.

No noso concello o día 21 de xullo a sucursal de Abanea no Mesón do Vento pechou definitivamente as súas portas. Nunha declaración colgada nas redes sociais do concello, asinada por todos os partidos políticos e concelleiros non adscritos, referente a este tema no último parágrafo expoñíase o seguinte:

"O Concello de Ordes, como institución democrática máis próxima á cidadanía, tomará as medidas ao seu alcance para que a Abanea reconsidere a súa decisión, reservándose o dereito a operar preferentemente con entidades bancarias que aposten polo rural e a veciñanza do noso concello".





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

¿Que medidas adoptou o Concello tras o peche da sucursal de Abanea no Mesón do Vento?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a principal medida que se conseguiu foi que se mantivese o servizo de caixeiro para a retirada de diñeiro. A situación de Ordes non é como a de outros concellos nos que Abanca desapareceu do seu territorio. Aquí seguimos a ter unha oficina de Abanca, o Concello traballa con todas as entidades presentes, tendo en conta as condicións vixentes e que o 47% dos veciños operan con esta entidade, non podemos penalizar a practicamente o 50% a poboación. Cousa distinta se Abanca desaparece do concello, pasando a operar cunha entidade presente no noso termo municipal.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a pregunta seguinte.

- Ante a proximidade das festas de Nadal, formulamos as preguntas seguintes:

¿Vai haber algunha campaña de colaboración especial nestas datas por parte do Concello para axudar a reactivar o comercio e a hostalería? De ser así que tipo de accións se van levar a cabo?.

¿Está contemplada a realización da Cabalgata de Reis e/ou algunha outra actividade para os mais pequenos?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai haber programación de Nadal coordinada entre os departamentos de Cultura e Deportes. Vai haber actividades para os máis cativos e para todos aqueles que se queira achegar á Casa da Cultura e pavillóns. Está prevista a cabalgata, vai a facerse a Feira de Artesanía. A Asociación de comercio e hostalería teñen concedida unha subvención nominativa para financiar a parte que non financia a Xunta de Galicia na campaña de Nadal e teñen a disposición cuñas na emisora municipal, así como a emisión dun programa radiofónico en directo dende o Concello de cincuenta minutos. En deportes recuperarán a San Silvestre a modo de carreira ou andaina.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte** horas e **trinta e cinco** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

**O SECRETARIO**  
Juan Luis González Iglesias